

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

Composición histórica: A depresión económica dos anos 30 e as políticas adoptadas para facerlle fronte

A partir dos seguintes documentos explica brevemente os antecedentes, a crise e a depresión económica dos anos trinta. Non se trata de que resumas ou repitas os documentos, nin de que analices illadamente cada un deles, senón de que elabores un comentario persoal téndoos en conta (citando algunha idea ou aclaración de cada un deles) e completes esa información con outros datos que coñezas e teñan relación con este tema.

a) *“Os froitos das raíces das vides, das árbores, deben destruírse para manter os prezos e isto é o máis triste e o máis amargo de todo. Cargamentos de laranxas tirados ao chan. E o cheiro a podre enche o campo. Queimar café como combustible nos barcos. Queimar millo para quentarse fai un lume cálido. Tirar patacas aos ríos e poñer vixiantes ao longo das beiras para evitar que a xente famenta as pesque. Matar porcós e enterralos e deixar que a podremia se filtre na terra. Iso é un crime que vai máis alá da denuncia. É unha desgraza que o pranto non pode simbolizar. É un fracaso que supera todos os nosos éxitos”.* (Steinbeck, 1939 “As uvas da ira”).

b) *“Hai moita xente que pensa que o mellor que poden facer polo seu ben e polo dos demais é aforrar. Cren que, se se privan de gastar, axudan os parados. Pois ben, en certas circunstancias, isto que parece xusto é o peor que se pode facer. En efecto, a función do aforro é poder dispoñer dunha certa cantidade para producir bens de equipo: casas, máquinas, estradas, etc. Pero se hai moitos parados neste tipo de empregos, o aforro ten como consecuencia o aumento dos parados. Nestas circunstancias cada vez que aforrades cinco chelíns privades a un home dunha xornada de traballo. Ao aforrar eses cinco chelíns contribuídes ao aumento do paro en razón dun home por día. Pola contra, todas as veces que merquedes algo, contribuídes a multiplicar as ofertas de emprego aos traballadores...”* (J. M. Keynes, 1931).

c) *“A nosa maior tarefa, a primeira, é volverlle a dar traballo ao pobo... Isto pode realizarse, en parte, mediante unha contrata directa a través do goberno, como no caso de guerra, pero ao mesmo tempo levando a cabo mediante esta contrata os traballos máis necesarios para estimular e reorganizar o uso dos nosos recursos naturais. Paralelamente a esta acción (...) debemos esforzarnos para que se faga un mellor uso da terra por parte de aqueles que son máis aptos para iso. É posible traballar nesta tarefa mediante esforzos precisos para elevar o prezo dos produtos agrícolas e, con eles, o poder de compra que absorberá a produción das nosas cidades. Cómpre traballar nisto para poñer termo á traxedia da crecente desaparición, por creba, das nosas pequenas empresas e das nosas granxas (...). Débese traballar niso establecendo un plano nacional e unha supervisión de todas as formas de transporte e comunicacións e de outras actividades que presenten claramente un carácter de servizo público”* (Discurso inaugural do presidente Roosevelt en 1933).

Preguntas (responder unicamente a 2 preguntas: cualificación máxima 2 puntos cada unha)

- 1) As revolucións liberais
- 2) A revolución industrial en Inglaterra
- 3) O nazismo alemán
- 4) O proceso de integración europea: a Unión Europea

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

Composición histórica: La depresión económica de los años 30 y las políticas adoptadas para hacerle frente

A partir de los siguientes documentos explica brevemente los antecedentes, la crisis y la depresión económica de los años treinta. No se trata de que resumas o repitas los documentos, ni de que analices aisladamente cada uno de ellos, sino de que elabores un comentario personal teniéndolos en cuenta (citando alguna idea o aclaración de cada uno de ellos) y completes esa información con otros datos que conozcas y tengan relación con este tema.

a) *“Los frutos de las raíces de las vides, de los árboles, deben destruirse para mantener los precios y esto es lo más triste y lo más amargo de todo. Cargamentos de naranjas tirados al suelo. Y el olor a podrido llena el campo. Quemar café como combustible en los barcos. Quemar maíz para calentarse hace un fuego cálido. Tirar patatas a los ríos y poner vigilantes a lo largo de las orillas para evitar que la gente hambrienta las pesque. Matar cerdos y enterrarlos y dejar que la podredumbre se filtre en la tierra. Eso es un crimen que va más allá de la denuncia. Es una desgracia que el llanto no puede simbolizar. Es un fracaso que supera todos nuestros éxitos”.* (Steinbeck, 1939 Las uvas de la ira).

b) *“Hay mucha gente que piensa que lo mejor que pueden hacer por su bien y por el de los demás es ahorrar. Creen que, si se privan de gastar, ayudan a los parados. Pues bien, en ciertas circunstancias, esto que parece justo es lo peor que se puede hacer. En efecto, la función del ahorro es poder disponer de una cierta cantidad para producir bienes de equipo: casas, máquinas, carreteras, etc. Pero si hay muchos parados en este tipo de empleos, el ahorro tiene como consecuencia el aumento de los parados. En estas circunstancias cada vez que ahorráis cinco chelines priváis a un hombre de una jornada de trabajo. Al ahorrar esos cinco chelines contribuís al aumento del paro en razón de un hombre por día. Por el contrario, todas las veces que compréis algo, contribuís a multiplicar las ofertas de empleo a los trabajadores...”* (J. M. Keynes, 1931).

c) *“Nuestra mayor tarea, la primera, es volverle a dar trabajo al pueblo... Esto puede realizarse, en parte, mediante una contrata directa a través del gobierno, como en caso de guerra, pero al mismo tiempo llevando a cabo mediante esta contrata los trabajos más necesarios para estimular y reorganizar el uso de nuestros recursos naturales. Paralelamente a esta acción (...) debemos esforzarnos para que se haga un mejor uso de la tierra por parte de aquellos que son más aptos para ello. Es posible trabajar en esta tarea mediante esfuerzos precisos para elevar el precio de los productos agrícolas y, con ellos, el poder de compra que absorberá la producción de nuestras ciudades. Hace falta trabajar en esto para poner término a la tragedia de la creciente desaparición, por quiebra, de nuestras pequeñas empresas y de nuestras granjas (...). Se debe trabajar en eso estableciendo un plan nacional y una supervisión de todas las formas de transporte y comunicaciones y de otras actividades que presenten claramente un carácter de servicio público”* (Discurso inaugural del presidente Roosevelt en 1933).

Preguntas (responder únicamente a 2 preguntas: calificación máxima 2 puntos cada una)

- 1) Las revoluciones liberales
- 2) La revolución industrial en Inglaterra
- 3) El nazismo alemán
- 4) El proceso de integración europea: la Unión Europea